

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador persoal - dispositivos dixitais
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Aula virtual do centro ou do plan Edixgal.

Cada alumno/a tendrá acceso en todas as clases a un ordenador, no que se atopan instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén cada alumno/a terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaráse unha pequena proba práctica no ordenador ao comenzo, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa competencia dixital.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	15	15	15	15	5	25	5	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Establecerase a seguinte proporción xeral para cada un dos apartados xerais dos contidos da materia:

A) E x a m e s e p r o b a s o b x e c t i v a s 30%

B) Traballos, prácticas e actividades realizadas, etc 60%

C) Entrega e prazo de entrega das tarefas asignadas, actitude cara a materia (participación, interese, traballos voluntarios, etc) .. 10%

No caso que nalgún trimestre non se levaran a cabo probas e exames correspondentes ao apartado A), a porcentaxe correspondente pasara a sumar á do apartado B)

AVALIACIÓN CONTINUA (1º, 2º e 3º AVALIACIÓNS PARCIAIS)

En cada avaliación

Para determinar a nota final en cada avaliación, realizarase a media segundo a proporción arriba indicada, e será a suma de A, B e C, e consecuentemente para superar a avaliación esta suma ten que ser maior ou igual a 5. A non entrega dos traballos das actividades obrigatorias acarreará unha nota de 0 puntos nese apartado. O peso de cada nota individual nos diferentes apartados gardará relación co número de sesións invertidas no traballo da materia, polo que sobre todo na primeira avaliación, as porcentaxes iniciais poden variar, dándolle máis peso a nota B.

A materia quedaría aprobada se @alumn@ ten as tres avaliacións aprobadas. Tamén o alumnado pode aprobar en xuño antes do exame final, se tendo en conta as recuperacións feitas, lle quedara unha avaliación suspensa, pero sempre e cando a nota desa avaliación ou das probas de recuperación de dita avaliación sexa como mínimo un 4 e a media ponderada das tres avaliacións sexa como mínimo un 5. Senón @alumn@ terá que facer o exame, probas ou prácticas do exame final de xuño. A nota do alumnado que non ten que realizar o exame final de xuño será a media

ponderada das tres avaliacións, tendo en conta os períodos lectivos de cada avaliación. **Para o resto do alumnado, será a maior nota da media das tres avaliacións ou á do exame/proba final de xuño**

AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

O alumnado que non aprobe a materia polo procedemento arriba indicado fará unha proba antes da data da avaliación final que poderá consistir ademais da proba, dunha entrega de traballos que deben ter un mínimo de calidade para superar a materia. Deberán ter unha nota mínima de 5 para superar esta proba e/ou traballos. Teráse en conta as recuperacións sempre e cando melloren a nota

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

AVALIACIÓN FINAL DE XUÑO

O alumnado que non aprobe a materia polo procedemento

arriba indicado fará unha proba antes da data da avaliación final que poderá consistir ademais da proba, dunha entrega de traballos que deben ter un mínimo de calidade para superar a materia. Deberán ter unha nota mínima de 5 para superar esta proba e/ou traballos. Teráse en conta as recuperacións sempre e cando melloren a nota

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Nota: neste curso académico 2022/23 non hai alumnado coa materia pendente

O alumnado que curse 4º de ESO pero teña a materia de Educación Dixital de 3º ESO pendente de superar, ao non tela superado no ano anterior deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira

- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado

- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación

- Desdoblamento de grupos

- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento

- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)

- Adaptacións curriculares